

## Un escrito de Murguía en galego. O recoñecemento de Valentín Lamas Carvajal

Isabel Seoane

**RESUMO** Analiza un texto en galego de Manuel Murguía publicado en *O Tío Marcos da Portela* o 31 de maio de 1918 nun número dedicado integramente a Valentín Lamas Carvajal. Este escrito, unha semblanza de Lamas, non figura nas distintas recompilacións bibliográficas de Murguía, o cal sorprende á autora do artigo ao se tratar do recoñecemento definitivo do poeta ourensán por parte de Manuel Murguía tralas disputas que mantiveron en 1878. Reprodúcese tanto o manuscrito coma o texto editado na revista ourensá, salientando que o dominio do galego por parte de Murguía era maior do que se adoita considerar, así como a evolución do seu pensamento a respecto da lingua dende a súa primeira aposta pola grafía portuguesa ata o emprego da ortografía fonética nos escritos de 1919.

**ABSTRACT** An analysis of a text in Galician written by Manuel Murguía, published in *O tío Marcos da Portela* on 31 May 1918 in a monographic volume dedicated to VLC. This text, a biographical sketch of L., is missing from the bibliographies of Murguía, which is surprising to the author, dealing as she does with the eventual recognition of the worth of the Orense poet by M.M. after their feud in 1878. She presents a reproduction of the manuscript as well as the text of the piece that appeared in the Orensian magazine, noting that Murguía's command of Galician is better than normally allowed, and that his views on Galician had evolved between his early advocacy of a Portuguese orthography and his adoption of a phonetic representation of the language in his writings in 1919.

Non hai moito, caeu nas nosas mans un borrancho manuscrito de Manuel Murguía redactado en galego<sup>1</sup>. Nun primeiro momento, crímolo inédito, xa que non o atopamos recollido en ningún estudio sobre o historiador

<sup>1</sup> Atópase no arquivo da RAG.

arteixán<sup>2</sup>. Este feito sorprendíanos excesivamente, dado o volume dos traballos aparecidos sobre a súa figura nos últimos tempos –sobre todo no ano 2000, ao dedicárselle o Día das Letras Galegas– da man de diversos estudiosos e/ou investigadores de diferentes especialidades. Chamábanos a atención que pasase desapercibido, en primeiro lugar pola relevancia que ten o feito de que estea escrito en galego –idioma pouco usado por Murguía– e en segundo, por estar editado, como comprobamos máis tarde, nunha publicación de doado acceso: *O Tío Marcos d'a Portela. Parrafeos c'o pobo gallego*.

A súa terceira época<sup>3</sup>, con periodicidade quincenal –saía os días 7 e 21 de cada mes–, iniciouse o 21 de febreiro de 1917 como órgano da Irmandade da Fala de Ourense, que presidía Hixinio V. Ameixeiras, á vez propietario da publicación. Os seus principais animadores eran o propio Ameixeiras, Xavier Prado “Lameiro”, Arturo F. Magdalena e Luís Fernández “Xesta”, se ben na posta en marcha colaboraron Casas González, Rodríguez Conde e García Novoa. Desaparecería o 7 de xullo de 1919<sup>4</sup>.

Pois, ben, a revista nacionalista dedicou o seu “Parrafeo trint'e dous”, aparecido excepcionalmente o 31 de maio de 1918, integramente a Lamas, con motivo da inauguración do monumento que, por iniciativa da Liga de Amigos de Ourense<sup>5</sup>, se lle erixira nos xardíns do Posío o día anterior.

134

---

<sup>2</sup> Así, por exemplo, o libro *En prosa. Textos galegos*, Oseiro-Arteixo: Asociación de Veciños Manuel Murguía, 1996. Recolle o poema “Nena das soledades” (en realidade “En el álbum de Elina Avendaño”, publicado en *La Oliva*, 27-II-1856, asinado por M. en “Madrid o 1º de junio de 1854”), “Discurso nos Xogos Frorais de Tui”, *La Patria Gallega*, 7-8, 1981 e os artigos referidos a Curros e Pondal. Sobre estes últimos vid. as notas 11 e 12, respectivamente.

<sup>3</sup> A primeira saíu entre 1876 e 1880 e a segunda entre 1883 e 1889.

<sup>4</sup> Da veneración que todos sentían polo poeta ourensán dannos idea feitos como que a Irmandade da Fala de Ourense escolla en 1916, como bandeira, os versos de Lamas que acompañaban ao labrego na cabeceira de *O Tío Marcos* en todas as etapas: “Teñen os pobos a gala/n-o seu linguaxe falar:/fálase chino n-a China,/portugués en Portugal,/catalán en Cataluña,/e n-a Alemania, alemán./Soilo os gallegos d'agora/hastra vergonza lles dá/falar a melosa e dulce/fala que falan seus pais”; ou que para a portada do “Parrafeo primeiro” da nova xeira escollan un retrato de Lamas acompañado destes versos:

Fundador d'o Tío Marcos d'a Portela  
fixo tanto e bon para nosa fala  
qu'axudou c'o seu estro a colocala  
a unha altura envidiable, dina d'ela.

<sup>5</sup> A maioría dos membros da Liga de Amigos pertencía á Irmandade e moitos ao xornal, entre eles o presidente, Arturo F. Magdalena. A iniciativa do monumento presentouna nesta sociedade Aleixos Rubidainas, e secundárona inmediatamente todos os membros. Aleixos Rubidainas, “Diante o Busto”, *O Tío Marcos d'a Portela*, 32, 31-V-1918.

O número, que leva na portada un debuxo do busto de Lamas, ten, ademais da de Murguía, que ocupa o primeiro lugar, colaboracións en prosa e en verso de diferentes autores como o Marqués de Figueroa, Carré Aldao, Barcia Caballero, Losada Diéguez, López Abente, Victoriano Taibo, Leandro Carré, Vicente Risco, Avelino Rodríguez Elías, Eladio Rodríguez, Noriega Varela, Filomena Dato ou os redactores da publicación. Tamén reproduce o poema “Alborada” de *Espiñas, follas e frores*, e tres textos tomados da segunda etapa do xornal: “O Tío Marcos d’a Portela n-a cadea”, “Vaya, vaya, vaya” (23-VIII-1885) e “Un conto d’o Marcos” (6-IV-1884).

A inauguración do monumento tivo lugar no marco das festas do Corpus Christi<sup>6</sup>, as máis sinaladas da capital ourensá. Saíu unha comitiva ás cinco da tarde da Casa Consistorial e percorreu varias rúas ata chegar aos xardíns do Posío. Ao acto asistiron os representantes de todas as institucións e sociedades ourensás, ademais de bandas de música e orfeóns.

Os encargados de representar á Real Academia foron os académicos Benito Fernández Alonso e Marcelo Macías, residentes en Ourense<sup>7</sup>. E a poetisa Filomena Dato foi a encargada de descender o pano de seda coas cores “rexionais” que ocultaban o busto de Lamas Carvajal, feito polo escultor Piñeiro. O autor do pedestal foi Xesús Soria, catedrático do instituto ourensán.

135

O secretario da Liga de Amigos, Sr. Ameixieras, leu un discurso facendo entrega ao alcalde do monumento, quen respondeu con outro de aceptación.

A Irmandade da Fala de Ourense estivo representada por Moreiras, Losada Diéguez, Noguerol, Risco, Pavón e Sueiro e a da Coruña enviou un telegrama a Losada Diéguez para que a representase:

Irmandade Fala Coruña, cada vez mais forte e rexa, prégalle representen na inauguración do moimento o gran Lamas Carvajal. Saude os irmáns ourensanos. ¡Terra a nosa!- *Peña Novo, Valcárcel, Docampo*.

---

<sup>6</sup> Os datos da inauguración están tomados de “Monumento a Lamas Carvajal”, *La Voz de Galicia*, 1-VI-1918; “El monumento á Lamas Carvajal”, *Faro de Vigo*, 1-VI-1918 e “La semana de fiestas”, *La Región*, 1-VI-1918.

<sup>7</sup> “Sección oficial”, *Boletín de la Real Academia Gallega*, 125, 1-VI-1918. Xunta do 28 de maio de 1918, 136.

Sen embargo, o seu voceiro, *A Nosa Terra*, nin sequera publica unha breve nota sobre o acontecemento, o que é difícil de explicar, pois si o fan xornais como *La Voz de Galicia* ou o *Faro de Vigo*.

A significación do monumento dánola Leandro Carré na súa colaboración no número especial de *O Tío Marcos d'a Portela*:

A grorificación dos grandes poetas gallegos é o comezo da nosa redención. (...) que fixeron rexurdir unha nacionalidade que morría afogada no propio esquecemento do seu valer, da súa historia, da súa vida mesma.

E Galicia rexurde. (...)

O movemento rexenerador cunde; esténdese mais e mais por Galicia adiante. Cada vez está mais preto o alborear da redención.

Un paso máis, paso seguro e firme, é o culto dos fillos ilustres da Galicia *gallega*. Porque cando un pobo sabe amar e sabe honrar a memoria dos seus poetas, é que sinte co'eles.

136

Volvendo ao artigo de Murguía, pensamos que, tal vez, aqueles que se decataron da presenza do texto non lle deron a importancia que ten por crer que se trataba dun artigo en español traducido ao galego polo propio xornal, que, como é sabido, era monolingüe. Pero o que é máis curioso é que non figure nas recompilacións bibliográficas, onde tamén teñen cabida as producións en español e as traducidas. Nin sequera a laboriosa, excelente e imprescindíbel bibliografía de Victoria Álvarez Ruíz de Ojeda<sup>8</sup>, de lonxe a mellor e máis completa que existe sobre Murguía, ofrece datos ao respecto.

O texto murguiano, que carece de título, é unha bela semblanza de Valentín Lamas Carvajal, isto é, o recoñecemento definitivo (xa houbera outros antes aos que máis adiante faremos referencia) do poeta ourensán por parte de Manuel Murguía, tralas acedas disputas xurdidas entre eles en 1878, das que, entre outros, deron cumprida noticia José Antonio Durán ou Xosé María Dobarro. Non obstante, estimamos conveniente lembrar aquí unha parte do fundamental delas.

---

<sup>8</sup> "Para unha bibliografía, correcta e completa, de Manuel Murguía", *Boletín da Real Academia Galega*, 361, 2000, 15-72.

As diferencias entre estas dúas grandes figuras do galeguismo decimonónico agromaron trala demoledora crítica que Murguía fixo do libro de Lamas *Desde la reja. Cantos de un loco*, en *La Ilustración de Galicia y Asturias* (3, 1-8-1878), revista que el dirixía en Madrid:

Tan escasa de mérito literario se presenta esta colección de composiciones escritas en gallego y castellano, que, con sentimiento lo decimos, no merece siquiera los honores de la crítica. Los versos gallegos, de los cuales puede al fin su autor decir con entera justicia que no deben nada a nadie, son verdaderamente lastimosos.

Esta crítica non foi contestada nun primeiro momento por Lamas, pero si polo resto da prensa que o acusa de parcial e deshonesto, lembrando, sen dúbida, que con anterioridade a cualificara de estar escrita por caixistas.

Máis tarde, Murguía será contestado por Lamas e o historiador recuncará nas acusacións de plaxio de varios autores, especialmente Rosalía, na súa obra *Espiñas, follas e frores* (1875).

Esta obra de Lamas esgotouse en menos de dous meses, o que obrigou a sacar unha segunda edición antes de publicar o *Segundo Ramiño* en 1876. O escritor ourensán era por aquel entón unha figura popular que aínda se reforzaría máis coa aparición de *O Tío Marcos*, en 1876. Ourense era neses momentos a capital do xornalismo galego e el a súa principal figura, chegando nalgún momento a ser propietario e director de tres publicacións: *El Heraldo Gallego*, *Revista Literaria*, *El Heraldo Gallego. Diario de Intereses Generales, Ciencias, Literatura y Artes* e *O Tío Marcos d'a Portela*.

Malia os duros ataques de Murguía, Lamas Carvajal axiña esquece a polémica e, en 1879, as páxinas do seu *Heraldo* cualifican ao patriarca de “notable historiador gallego” (337, 15/VIII/1879). Pero el non tivo tanta sorte, non chegou a ver en vida o recoñecemento de quen tan inxustamente o tratara, movido por cuestións extraliterarias e polo medo de ver eclipsada a obra da súa dona.

Poderíamos engadir que a importancia de Lamas tamén se ve reflectida no seu nomeamento de socio de mérito á par de Vicetto e Juan Manuel Pintos da sociedade “Galicia Literaria”, fundada en 1875 por iniciativa de Vesteiro

Torres, na madrileña casa de Emilia Calé. Desta sociedade formarán parte Curros, Añón, os irmáns Muruais, Novo García e Vázquez Núñez. Sen embargo, non nomearon nin a Murguía nin a Rosalía.

Tampouco podemos esquecer que nese momento as tres grandes figuras do Rexurdimento eran Rosalía, Curros e Lamas Carvajal, pois Pondal era pouco coñecido, dado que a publicación da súa obra fundamental sería posterior.

Xa deixamos apuntado que Lamas acaba por se facer o xordo e que Murguía fai rectificacións de recoñecemento de Lamas con anterioridade ao artigo de 1918.

No propio *Boletín da Real Academia Gallega*, que se inaugurou o día do enteiro do poeta –Lamas era un dos corenta numerarios destinados a formar a Institución–, publicouse unha nota necrolóxica da que descoñecemos a autoría, tal vez do propio Murguía, na que se di:

Valentín Lamas Carvajal, el gran poeta gallego, ha muerto.

138

El 3 de Septiembre, a las ocho de su mañana, rindió su alma a Dios, aquel que, como nadie, supo interpretar todos los goces y amarguras de la gente de nuestros campos.

Al vestirse de luto la musa gallega, también se viste de luto la *Academia*. [...]

Si, como dice una antigua sentencia, la muerte es el mejor don que los dioses pueden hacer al hombre, Valentín Lamas Carvajal, es feliz<sup>9</sup>.

Tamén na resposta ao discurso de recibimento de José Antonio Parga Sanjurjo na Academia Galega, un ano despois da morte de Lamas, Murguía pronúnciase nestes termos:

Con Lamas, diferencias, que hoy creo dolorosas en el modo de juzgar su producción, nos separaron casi de repente<sup>10</sup>.

<sup>9</sup> "Lamas Carvajal", *Boletín de la Real Academia Gallega*, 5, 20-9-1906, 118.

<sup>10</sup> "Discurso-contestación al de D. José Antonio Parga Sanjurjo leído en la sesión celebrada en Lugo el 28 de septiembre de 1907, con motivo de la recepción de aquél como Académico de Número", *Boletín de la Real Academia Gallega*, La Coruña, 16-17, 20-XI-1907, 96-110.

E, así mesmo, con ocasión do primeiro cabodano do poeta publica unhas xustas palabras en *El Eco de Orense*, que recolle *A Nosa Terra* (6, 11/9/1907), e que se poden comparar co escrito que ofrecemos, xa que están na mesma liña:

—Oí cantar un pájaro. Cantaba con una voz tan fresca, cantaba con una voz tan dulce!

Así decía la hija del rey, oculta en las soledades del bosque.

Otro tanto puedo decir. —Oí la voz del poeta y era tan fresca como los campos cubiertos de hierba y de flores primaverales. Canta, le pedían todos, canta como el cielo te enseñó. Regocija nuestras almas con tus acentos, llénalas con los dulces rumores de tu poesía.

Y cantó, pero el cielo quiso que su voz se apagara, y que sus canciones se perdiesen en la lejanía. Mas, para nosotros quedaron impresas en el alma sus apacibles melodías y ya no podremos nunca olvidar ni al bardo á quien las vírgenes fatídicas robaron la luz de sus ojos, ni las estrofas que daba al viento, y el viento llevaba muy lejos, perdiéndose para siempre, allá donde toda aspiración termina y en donde las almas que llegan se detienen también para siempre.

139

Reproducimos tanto o borrancho manuscrito coma o texto editado para que se poida establecer unha comparación entre eles e observar que o dominio do galego por parte de Murguía era moito maior do que se acostuma dicir.

#### Texto manuscrito<sup>11</sup>

~~Por fin~~—O fin, chegou p<sup>a</sup>. tí á hora da tua consagrazon. Era tempo. Pouco á pouco, á paz con que <sup>te</sup> envolveo á morte, foy deixandote na soedad e silencio ~~que no~~—ô <sup>dos</sup> combatidos da sorte, ~~que~~ dando <sup>ôs</sup> ventos e ôs homens y ôs ventos ~~teu~~ <sup>teu</sup> nome e ~~teu~~ <sup>teu</sup> recordo, foi ~~foi deixando na~~ <sup>Na</sup> vila que tanto quixeches e serviches, ~~foi~~ <sup>fuches</sup> deixando no póuso do vaso, <sup>ó, lixos dos</sup> teus ~~sufri~~ <sup>dores,</sup> ~~quedando~~ <sup>quedeando</sup> quedando a auga ~~clara~~ <sup>de todo lixo,</sup> limpa, que agora é para tí e os teus <sup>como</sup> balsamo que é sagrado.

<sup>11</sup> O que está riscado sen levar texto debaixo é porque non se le.

No Na vil Podes Xa podes decire que— onde tes ó eterno repouso, tes tamen á recompensa. Faltabache tan soyo ós pra que non te esquen- ceran que ~~es re~~ as mamorias que tiñan de tí, lles falase d'elas ~~ao~~ <sup>ú</sup> pasar por ~~ante~~ diante do ~~te~~ moimento que os da tua vila van ~~faguer~~ <sup>faguer</sup> ~~fixeron~~ p<sup>a</sup>. que n'él ~~descansas~~ <sup>revivas</sup>, podan decire:

-Ahi queda ó noso poeta, aquí naceu, aquí morreu aquí está con nosco e p<sup>a</sup>. sempre!

E ~~os~~ <sup>cando os</sup> rapaces ~~que~~ vayan jogaren ~~na ó pé da de ti,~~ ~~diran~~ na tua praza, ~~cantaran~~——, darán os ventos os teus versos, e falaran no galego que ti falabas. Ben val esto, os dores, os desenganos, e hastra os malquereres e odios enemigos, que os ventos da tua tarde levan xa ~~contigo,~~ consigo pra non volver decindo -Paz pra ô poeta recordo e amor pra a sua ánima!

20 mayo

Manuel Murguía

Texto editado:

140

Ao fin chegou para ti a hora da tua consagrazón. Era tempo. Pouco a pouco a paz con que te envolvo a morte, foi deixándote na soedade e silencio dos combatidos da sorte, dando aos homens e aos ventos teu nome e teu recordo. Na vila que tanto quixeches e serviches, fuches deixando no pouso do vaso os lixos dos teus doores, quedando a auga limpa, que agora é para ti e os teus como bálsamo sagrado.

Xa podes decir que onde tes o eterno repouso, tes tamén a recom- pensa. Faltábache tan soyo para que non te esquencheran, que as memorias que tiñan de ti, lles falase d'elas ao pasar por diante do moi- mento que os da tua vila van faguer para que n-él revivas, podan deci- re: ¡Ahi queda o noso poeta! aquí naceu, aquí morreu, aquí está con nosco e para sempre!

E cando os rapaces sayan xogar na tua praza, darán aos ventos os teus versos, e falarán no galego que ti falabas. Ben val esto os doo- res, os desenganos, e hastra os malquereres e odios enemigos que os ventos da tua tarde levan xa consigo para non volver, decindo: ¡paz para o poeta recordo e amor para a sua ánima!

Como se pode ver, os cambios son mínimos, ben sexan feitos por Murguía na versión definitiva ou pola propia publicación (pra>para, ós>aos, dores>doores, jogar>xogar, e sobre todo a acentuación).

No prólogo inédito<sup>12</sup> á súa obra, tamén inédita, *Rimas populares de Galicia*, que hai que datar entre o fracaso da primeira Academia (1895) e antes da creación da de 1906, apostaba Murguía por usar a grafía portuguesa, mentres non se elaborase unha propia.

Esperaba por ello q. la Academia Gallega en la cual pusimos todas tantas esperanzas, se decidiese y publicase, la verdadera ortografía de nuestro romance, ó cuando menos la mas aceptable. El fracaso ~~experimentado~~ dela Academia en su creacion, nos dice bien claro q. ya no la tendremos jamás, y por lo mismo q. en la cuestión de ortografía, seguiremos por largo tiempo en la amable anarquía á q. nos tiene condenados la voluntariedad y á veces la ignorancia de los q. escriben en el idioma gallego.

Dispuesto á salvar tan grave escollo, hube de decidirme por lo más racional. El gallego y el portugués me dije, son uno mismo en le origen, gramatica y vocabulario. Por q. no aceptar la ortografía portuguesa? si nos fue común en otros tiempos por q. no ha de serlo de nuevo?

Solo un total olvido entre nosotros, dela lengua hermana, pudo hacer q. se alcanzase y prevaleciese la especial confusión con q. escribieron y escriben el gallego; atendiendo los unos, como es justo, al origen de las voces, ateniéndose los otros á lo q. da de si la fonetica y en fin mezclando los unos?, sin tino ni concierto ambos sistemas. Para evitar tan grave inconveniente y sobre todo p<sup>a</sup> hechar de una vez las bases de una ortografía con la cual podamos y debemos conformarnos, me decidí por de pronto á seguir la portuguesa, modificada en aquella parte en q. puede sin peligro asimilarse á la que ya usamos. Un docto amigo mio, el Sr. D. Flor<sup>o</sup> Vaamonde, se encargo de esta tarea, y el fue quien copió como conviene las composiciones q. forman el presente volumen. A el pues los aplausos.

---

<sup>12</sup> Arquivo da Real Academia Galega.



Pero en 1918, e xa cunha Academia, aínda que esta non fixera moito por establecer unha norma, tal vez as súas ideas lingüísticas non fosen as mesmas. Neste escrito o que se aprecia é unha vacilación entre a ortografía fonética e a ortográfica por un lado, e a aglutinación da preposición co artigo ou a crase, polo outro. No manuscrito atopámonos coas dúas formas “xa” e sen embargo “jogar” e “ao pasar” que corrixe por “ó pasar”.

A escolla da ortografía fonética desaparecerá nos textos posteriores, os de 1919, polo menos na versión editada, non vimos os manuscritos.

Sen entrar na contradicción entre teoría e práctica na defensa do idioma por parte de Manuel Murguía, as explicacións dadas ata o momento non se sosteñen (descoñecemento do idioma, non querer competir coa súa dona, o proceso normalizador do idioma que comeza pola lírica, para seguir abranguendo outros terreos). Esta última, tal vez a máis coherente, é válida para as súas primeiras publicacións, pero non para o resto da produción.

Este escrito, de 1918, xunto cos escritos sobre Pondal<sup>13</sup> e Curros<sup>14</sup> de 1919 ofrecen unha nova visión da actitude de Murguía ante o galego, onde se aprecia un cambio radical tal vez propiciado polas Irmandades da Fala, nas que el non vai participar activamente pola súa avanzada idade, pero coas que vai ter unha estreita relación.

Hai, sen dúbida, unha evolución no seu pensamento respecto á defensa do idioma e na lingua, dende aquel primeiro poema e o discurso dos Xogos Florais de Tui de 1891 ata estes novos escritos, un cuarto de século despois.

---

<sup>13</sup> “Eduardo Pondal e a súa obra”, *Boletín de la Real Academia Gallega*, 248, 17-V-1999, 184-92. Edición póstuma feita por César Vaamonde Lores a partir dun borrador escrito para ler en 1919 nunha velada necrolóxica en honor do bardo bergantiñán que non chegou a celebrarse.

<sup>14</sup> “Baixo do ceo á cuyo amparo repousas...”, *¡Terra a Nosa! Suplemento de El Noroeste*, 3, A Coruña, 28-II-1919.